

Xoves, 17 de agosto de 2017

Núm. 157

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

COVELO

Subvencións e axudas

APROBACIÓN BASES DE SUBVENCIONES DESTINADAS A ASOCIACIONES CULTURAIS

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 14 de xullo de 2017, acordou aprobar as seguintes Bases Reguladoras e, igualmente, formular a correspondente convocatoria de concesión da seguinte subvención:

“BASES REGULADORAS DO PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIONES DA CONVOCATORIA EN CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS A ASOCIACIONES CULTURAIS DO CONCELLO DE COVELO PARA O ANO 2017.

(EXPEDIENTE 219/2017)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Estas bases teñen por obxecto establecer os criterios e procedemento para a concesión de subvencións no ámbito do Concello de Covelo, de acordo cos principios de obxectividade, igualdade, concorrencia e publicidade, para a prestación de servizos e a realización de actividades que complementen ou suplan os atribuídos á competencia municipal ou que, en xeral, contribúan o fomento dos intereses peculiares do municipio de acordo co establecido na lexislación de réxime local (Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia; Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións; RD 887/2006, de 21 Xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións; Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e nas Bases de Execución Orzamentaria 2017) e Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Covelo aprobada polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada o día 1 de xuño de 2016.

1.—OBXECTO E FINALIDADE

A presente convocatoria pública de subvencións terá como obxectivo apoiar o desenvolvemento de programas ou actividades que complementen a programación e servizos municipais e que se realicen con carácter público en Covelo no ámbito das Actividades Culturais.



Xoves, 17 de agosto de 2017

Núm. 157

2.—REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS

Poderán solicitar as subvencións reguladas na presente convocatoria as asociacións, ou outras realidades asociativas sen ánimo de lucro, que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Covelo á data de presentación da solicitude, e que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Covelo, que teñan capacidade para levar a cabo as actividades subvencionables.

3.—CONTÍA DAS AXUDAS E DISPOÑIBILIDADE ORZAMENTARIA.

A contía da presente convocatoria ascende a 3000 euros, con cargo á partida 334.480 do Orzamento Xeral do ano 2017 para as actividades culturais.

O importe das subvencións outorgadas non poderán ser de tal contía que, illada ou en conxunto con subvencións ou axudas de outras administracións públicas ou de outros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade a desenvolver polo beneficiario. Neste suposto, modificarase a resolución da concesión.

O importe máximo a percibir por cada entidade non poderá superar os 500 Euros.

4.—GASTOS SUBVENCIONABLES

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que sen lugar a dúbida respondan á natureza da actividade subvencionada, e se realicen no ano 2017. Non serán obxecto da subvención:

- Os gastos de mantemento ordinario, de funcionamento das mesmas, neste caso non se admitirán como xustificación facturas de material de oficina, consumo de teléfono, luz, combustible ou calquera outro similar.
- Inversións ou equipamentos das Asociacións.
- Os gastos que non estean directamente vinculados ás actividades realizadas, ou que carezan de natureza propia desa actividade.

O proxecto a subvencionar será aquel que se sinale pola asociación no momento da solicitude e para o cal concedese a subvención, sen que logo poidase xustificar outro proxecto diferente, agás que por causa debidamente xustificada que acredite a imposibilidade da súa realización, solicítese antes do 30 de novembro de 2017 o cambio na actividade obxecto de subvención.

O período que se terá en conta para a realización de actividades será do 1 de xaneiro ó 30 de novembro de 2017.

5.—CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A comisión de subvencións procederá a proposta das axudas e subvencións, logo dos informes que se consideren precisos, e segundo os criterios que de seguido se sinalan:



Xoves, 17 de agosto de 2017

Núm. 157

- Características do proxecto: ámbito de aplicación, sector ou número de poboación beneficiaria, interese social, cultural e incorporación de actividades innovadoras. Ata 30 puntos.
- Número de socios da asociación. Ata 30 puntos.
- Traxectoria cultural e continuidade da mesma. Ata 30 puntos.
- Porcentaxe de cofinanciamento da actividade por medio de achegas económicas das entidades, patrocinios, etc... Ata 10 puntos.

6.—FORMA E PRAZO DE SOLICITUDES DE AXUDA

As solicitudes de subvención presentarase a través do Rexistro Xeral do concello ou por calquera dos procedementos previstos no artigo 16 la Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Será imprescindible presentar:

- a) Solicitud de subvención cuberta (Anexo I).
- b) Proxecto ou memoria detallada da actividade a realizar, incluíndo a data prevista para a súa realización, a duración da mesma, os obxectivos da actividade, a poboación destinataria e o persoal que se require para levar a cabo o proxecto. Orzamento detallado dos gastos ocasionados pola actividade para a que solicita a subvención e dos ingresos previstos para a o seu financiamento.
- c) Certificado da composición da Xunta Directiva da Asociación expedido polo Secretario/a da mesma.
- d) Copia do DNI do representante legal da asociación.
- e) Copia do CIF da asociación.
- f) Certificación dos socios, afiliados, federados, etc... da asociación.
- g) Declaración responsable do presidente da asociación correspondente de estar ó corrente das súas obrigas co Concello de Covelo, coa Seguridade Social, Facenda da Xunta e Axencia Estatal da Administración Tributaria (Anexo III).
- h) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas que determina o art. 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (Anexo III).
- i) Certificación bancaria a nome da asociación co IBAN completo, de conformidade coa normativa SEPA.
- j) Certificación expedida pola Secretaría Xeral do Concello na que se acredite a súa inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións de interese veciñal.

O prazo de presentación de solicitudes será de quince días hábiles, contados desde o seguinte á publicación oficial do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, segundo a LXS, artigos 17.3.b, 18 e 20.8, en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións (Resolución IGAE do 7, 9 e 10 de decembro de 2015).



Xoves, 17 de agosto de 2017

Núm. 157

A mera presentación da solicitude suporá que o solicitante coñece e acepta as presentes bases de convocatoria.

7.—EMENDA DE SOLICITUDES

De acordo co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, para aquelas solicitudes que non estean correctamente cubertas ou non acheguen os documentos preceptivos, o Concello requirirá a persoa interesada para que, nun prazo de dez días, emende as faltas ou remita os documentos preceptivos. De non facelo, considerarase que desistiu da súa petición e archivarase o expediente nos termos previstos na citada lei.

8.—PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

O procedemento será instruído pola Concelleira de Cultura, Formación, Emprego e Turismo deste Concello, ou na súa ausencia o empregado público que a Alcaldía propuxera, que realizarán de oficio cantas actuacións estimen necesarias para o coñecemento e comprobación dos datos así coma os requirimentos de emenda de deficiencias da documentación.

Recibidas as solicitudes procederase a súa tramitación. Comprobado que os solicitantes cumpren os requisitos esixidos nestas bases e que se achega a documentación requirida.

Avaliadas as solicitudes, segundo os criterios regulados na base 6 os expedientes serán elevados á Comisión de Valoración, que estará constituída por:

- Presidente: O Alcalde do Concello de Covelo
- Vogal: Funcionario/a traballador municipal experimentado na tramitación e xestión de expedientes administrativos, o cal realizará as funcións de Secretario.
- Vogal: A Concelleira de Cultura, Formación, Turismo e Emprego.
- Vogal: A Educadora Familiar.
- Vogal: A Secretaria-Interventora Municipal.
- Vogal: Concelleiro do bloque municipal BNG.
- Vogal: Concelleiro do bloque municipal PSdeG-PSOE.

Todas e cada un dos membros desta comisión poderán ser substituídos polas persoas nas que delegue cada un deles.

A Comisión de Valoración examinará cada unha das solicitudes presentadas, e aplicará os criterios de outorgamento aprobados nas presentes bases, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas e formular a correspondente proposta de adjudicación a prol de aquelas que obtiveron maior valoración.

A contía que se outorgará a cada beneficiario será directamente proporcional á puntuación obtida, sen que en ningún caso se poda superar o límite de crédito orzamentario dispoñible.



Xoves, 17 de agosto de 2017

Núm. 157

A proposta de adxudicación deberá expresar a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, a súa contía individual, así como a puntuación obtida por cada un, por aplicación dos criterios de valoración.

O órgano municipal competente para a concesión das subvencións é a Xunta de Goberno Local, que analizará a proposta da Comisión de subvencións e resolverá xustificadamente.

O acordo de concesión non terá obrigatoriamente que distribuír a totalidade do crédito.

9. NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE DA RESOLUCIÓN

O prazo máximo para resolver e notificar o procedemento será de seis meses contados a partir do día seguinte ao de finalización do prazo para presentación de solicitudes. Os interesados poderán entender desestimadas as solicitudes, por silencio administrativo, se transcorrido devandito prazo non se ditei e notificado resolución expresa.

A notificación da resolución realizarase de acordo co previsto nos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra o acordo de resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto no prazo dun mes dende o día seguinte ó da súa notificación de acordo co establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Pontevedra do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da súa notificación, conforme ós artigos 8.1 y 46.1 da Lei 29/98, de 3 de xuño, Contencioso-Administrativa. De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este se resolverá e notificará no prazo dun mes segundo establece o artigo 124.2 da citada Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, podendo entón os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de seis meses contados dende o día seguinte a aquel en que se deba entender presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, de acordo co artigo 46.1 y 4 de la 29/98.

A publicación destas Bases realizarase no Taboleiro de Anuncios do Concello de Covelo, na páxina web do concello: www.concellodecovelo.es, e no Boletín Oficial da Provincia.

As axudas que se concedan a través deste programa unha vez resoltas, publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, con expresión do DNI (ordenado numericamente) do solicitante e a resolución recaída (concedida-denegada).

10.—OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS

1.—Cumprir todas as estipulacións nestas bases e no marco xurídico definido na Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.



Xoves, 17 de agosto de 2017

Núm. 157

2.—Realizar as actividades que fundamentaron a concesión da subvención e acreditar a súa realización.

3.—Destinar a subvención exclusivamente ós fins para a que foi concedida, quedando expresamente prohibida calquera alteración de destino non autorizada polo Concello.

4.—Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades (sendo obrigatorio a concertación dun seguro de responsabilidade civil no seu caso).

5.—Comunicar de calquera eventualidade, no momento en que se produza, na programación, desenvolvemento ou finalización da actividade subvencionada.

6.—Someterse ao seguimento, control e comprobación de execución das actividades obxecto da subvención que estime procedente levar a cabo o concello, segundo o disposto no art. 46 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.

7.—Informar publicamente sobre as actividades subvencionadas, facendo constar nun lugar destacado da publicidade das actividades e programas subvencionados a participación do concello, podendo consistir na inclusión da imaxe institucional da entidade concedente, así como lendas relativas o financiamento público en carteis, placas conmemorativas, materiais impresos, páxina web, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.

8.—Participación equitativa de mulleres e homes, nenas e nenos en todas as actividades.

11.—XUSTIFICACIÓN E PAGO DAS SUBVENCÍONS

O pagamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria e tramitarase unha vez rematadas as actividades ou programas obxecto da subvención, e tras a presentación a través do Rexistro Xeral da seguinte documentación xustificativa, antes do 15 de novembro de 2017. As subvencións no xustificadas nesa data entenderase formulada a renuncia as mesmas.

- Memoria detallada da actividade asinada por un representante da asociación.
- Relación detallada de ingresos e gastos da actividade subvencionada, incluíndo facturas compulsadas do total dos gastos da actividade. (Anexo II).
- Facturas orixinais polo importe subvencionado. As facturas deben corresponder á actividade obxecto de subvención e deberán emitirse a nome da Asociación, e cumprir os requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012 de 30 de novembro, polo que se regulan as obrigacións de facturación. Deberán conter como mínimo:
 - Nome, razón social e NIF ou CIF de quen emite a factura.
 - Desagregación do IVE ou imposto correspondente; no caso de exención, deberá facerse constar expresamente na factura.
 - Nome, enderezo e NIF ou CIF do beneficiario da subvención.
 - Descrición do servizo ou subministro prestado.
 - Número de factura, data de emisión e denominación de “factura”.



Xoves, 17 de agosto de 2017

Núm. 157

- Xustificante bancario do pago correspondente as facturas achegadas. Non se admitirán outro tipo de xustificante de pago que non sexa o do banco.
- Acreditación da publicidade do financiamento público da actividade subvencionada mediante a inclusión da imaxe institucional da entidade concedente, así como lendas relativas o financiamento público en carteis, placas conmemorativas, materiais impresos, páxina web, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación.
- Relación das subvencións obtidas doutras Administracións ou Entidades Públicas ou privadas para o mesmo obxecto; en caso negativo, deberá deixarse constancia dese feito mediante a correspondente declaración responsable (Anexo III).
- Declaración do representante de estar ao corrente nos pagos co Seguridade Social, Consellería de Facenda da Xunta, e Axencia Estatal da Administración Tributaria (Anexo III).
- Calquera outro que sexa solicitado polo concello.

O importe dos gastos xustificadas deberá acadar, como mínimo, a contía da subvención concedida.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de 10 días para a súa corrección.

12.—REINTEGRO DE SUBVENCIONES

1. Procederá o reintegro, total ou parcial, da axuda percibida, xunto cos xuros de demora, nos casos indicados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e especialmente no caso de que se detectase que o importe recibido non fose empregado no custo de transporte obxecto desta orde

2. No caso de xustificación ou incumprimento parcial só se esixirá o reintegro pola parte non xustificada. No caso de que o reintegro esíxase porque se percibiron outras subvencións que, en conxunto, superen o custo da actividade obxecto de concesión, procederá o reintegro só do exceso obtido.

3. O interese de demora esixirase desde o momento do pago da subvención ata a data en que se acorde o reintegro da mesma. O interese de demora aplicable será o interese legal do diñeiro, vixente no momento do pago da subvención, incrementado nun 25 por cento, salvo que a Lei de Orzamentos do Estado de cada ano estableza outro diferente.

4. Están obrigados ao reintegro:

- a) Os solicitantes das subvencións.
- b) Os membros das persoas xurídicas ou das agrupacións de persoas físicas sen personalidade xurídica, que responderán solidariamente as obrigacións de reintegro.



Xoves, 17 de agosto de 2017

Núm. 157

c) Os representantes legais do beneficiario responderán solidariamente cando este careza de capacidade de obrar.

Ademais responderán subsidiariamente as persoas sinaladas no artigo 40.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

13.—SEGUIMIENTO, CONTROL E INSPECCIÓN

O Concello de Covelo, polos medios que estime oportunos e conforme a Lei xeral de Subvencións, comprobará a realización das actividades e o cumprimento dos requisitos e condicións baixo as cales se concedeu a axuda.

14.—COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN

A obtención dunha subvención outorgada polo Concello de Covelo, é compatible con calquera outra subvención, axuda ou ingreso obtido para a mesma actividade a condición de que o importe total das contías percibidas non supere o custo total da actividade.

15.—INTERPRETACIÓN

Calquera dúbida que puidera xurdir en torno á interpretación destas bases será resolta pola Xunta de Goberno Local.

DISPOSICIÓN FINAL

En todo o non previsto nestas bases, aplicarase o disposto nas Bases de execución do orzamento xeral do concello de Covelo para o ano 2017, e nas normas legais e regulamentarias de aplicación, Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no RD 887/2006 do 21 de xullo polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Covelo aprobada polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada o día 1 de xuño de 2016 e demais normativa de réxime local aplicable.

As presentes BASES e os seus anexos, foron aprobados pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 14 de xullo de 2017.

Covelo, na data que figura á marxe

A Secretaria- Interventora

Asdo. María Jesús Rodríguez Freire



Xoves, 17 de agosto de 2017

Núm. 157

	ANEXO I SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN	Espazo reservado para selo de entrada
1. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE Nome da asociación _____ CIF asociación _____ Nome e apelidos representante _____ NIF/DNI/NIE _____ Enderezo _____ Nº _____ C.P. _____ Localidade _____ Provincia _____ Enderezo notificación _____ Tlf./Fax _____ Tlf. Móbil _____ Correo electrónico _____		
2. SOLICITUDE Obxecto da subvención (actividade concreta que se pretende realizar) _____ _____ Orzamento Custo total da actividade _____ € Subvención que solicita _____ €		
3. DOCUMENTACIÓN NECESARIA Fotocopia do DNI do representante legal da asociación. Fotocopia do CIF da asociación. Certificado da composición da Xunta Directiva da Asociación expedido polo Secretario/a da mesma. Memoria explicativa de tódalas actividades que se pretenden levar a cabo, indicando en cada unha delas os seguintes puntos: <ul style="list-style-type: none"> • Duración (data de inicio e final). • Lugares onde se desenvolve. • Persoal que se require para levar a cabo a actividade (nº e funcións), con indicación especialmente dos responsables do desenvolvemento da actividade. • Obxectivos e fins concretos ós que se destinarán os fondos. • Poboación destinataria (beneficiarios/as directos e indirectos, nº,...). • Orzamento de gastos da actividade e forma de financiamento previsto (mediante fondos propios, doutros organismos públicos ou privados etc.) Certificación de socios, afiliados, federados, etc... Declaración (Anexo III) na que conste si se solicitaron outras axudas ou subvencións, que non esta incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para percibir subvencións da Administración Pública e que está ao corrente das obrigas tributarias co Concello de Covelo, coa Consellería de Economía e Facenda, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e coa Seguridade Social. Certificado da entidade bancaria a nome da asociación onde se deberá transferir o importe da subvención que puidera concederse. Certificación expedida pola Secretaría Xeral do Concello na que se acredite a súa inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións de interese veciñal.		

En Covelo a ____ de _____ de 20__

(Sinatura)


A falsificación, ocultación ou inexactitude dos datos declarados poderá dar lugar, no seu caso, ás correspondentes sancións administrativas ou de calquera índole que procedan.

Código seguro de verificación: 5QUU77DX1E010IK9



Xoves, 17 de agosto de 2017

Núm. 157

 <p>Concello de Covelo REL. MU 20 00/142</p>	<p>ANEXO II</p> <p>CONTA XUSTIFICATIVA DE GASTOS</p>	<p>Espazo reservado para selo de entrada</p>																																																																		
<p>D./Dña _____ en calidade de Presidente/a, D./Dña _____ en calidade de Secretario/a, D./Dña _____ en calidade de Tesoureiro/a, D./Dña _____ en calidade de representante da Asociación _____</p>																																																																				
<p>DECLARA:</p> <p>a) Que para a actividade ou investimento _____ recibiu unha subvención de _____ e realizáronse os gastos que se relacionan na seguinte conta xustificativa:</p> <table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse; margin: 5px 0;"> <thead> <tr> <th style="width: 5%;">Nº</th> <th style="width: 25%;">Establecemento</th> <th style="width: 15%;">C.I.F</th> <th style="width: 15%;">Nº Factura</th> <th style="width: 25%;">Concepto</th> <th style="width: 15%;">Importe</th> </tr> </thead> <tbody> <tr><td>1</td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr> <tr><td>2</td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr> <tr><td>3</td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr> <tr><td>4</td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr> <tr><td>5</td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr> <tr><td>6</td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr> <tr><td>7</td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr> <tr><td>8</td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr> <tr><td>9</td><td></td><td></td><td></td><td></td><td></td></tr> <tr> <td colspan="5" style="text-align: right;">TOTAL _____</td> <td></td> </tr> </tbody> </table> <p>b) Que os gastos que arriba se detallan, son reais e aplicáronse á finalidade subvencionada. c) Que a asociación fixo a debida divulgación do financiamento concedido polo Concello de Covelo para a actividade ou investimento subvencionado do ano 20___, facendo constar a colaboración do Concello, para o que achega a súa acreditación. d) Que tódolos documentos recollidos na presente conta atópanse a disposición do Concello de Covelo, a efectos da súa posible comprobación. e) A esta entidade SI/NON se lle concederon outras axudas ou subvencións coa mesma finalidade. f) Respecto á actividade realizada, o importe das subvencións concedidas das diversas institucións non superaron o importe total dos gastos reivindicados, sendo destinadas tódalas achegas á actividade subvencionada. g) Que a actividade foi realizada de acordo coa finalidade para a que se concedeu a subvención. h) Que achega unha memoria da actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación da actividade realizada e os resultados obtidos. i) Que achega a seguinte documentación: Facturas ou documentos análogos e orixinais con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo. As facturas deberán ser, coma mínimo, polo importe da subvención e deberán estar debidamente cumprimentadas indicando o número de unidades, prezo unitario e prezo final, asinadas polo Presidente/a da Asociación (nome e DNI). Xustificante bancario do pago correspondente as facturas achegadas. Non se admitirá outro tipo de xustificante de pago que non sexa o do banco j) Que achega a xustificación de encontrarse ao corrente das obrigas tributarias co Concello de Covelo, coa Consellería de Economía e Facenda, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e coa Seguridade Social.</p>			Nº	Establecemento	C.I.F	Nº Factura	Concepto	Importe	1						2						3						4						5						6						7						8						9						TOTAL _____					
Nº	Establecemento	C.I.F	Nº Factura	Concepto	Importe																																																															
1																																																																				
2																																																																				
3																																																																				
4																																																																				
5																																																																				
6																																																																				
7																																																																				
8																																																																				
9																																																																				
TOTAL _____																																																																				

E para que conste perante o Concello de Covelo, ós efectos de xustificación da subvención concedida por esa Institución, suscribo a presente en,

En Covelo a ___ de _____ de 20 ___

(Sinatura)

A falsificación, ocultación ou inexactitude dos datos declarados poderá dar lugar, no seu caso, ás correspondentes sancións administrativas ou de calquera índole que procedan.

Código seguro de verificación: 5QUU77DX1E010IK9



Xoves, 17 de agosto de 2017

Núm. 157

	ANEXO III DECLARACIÓN XURADA	Espazo reservado para selo de entrada								
DATOS DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE										
Nome da asociación _____										
CIF asociación _____										
Nome e apelidos representante _____ NIF/DNI/NIE _____										
Enderezo _____ Nº _____ C.P. _____ Localidade _____ Provincia _____										
Enderezo notificación _____										
Tlf./Fax _____ Tlf. Móbil _____ Correo electrónico _____										
DECLARO										
<ul style="list-style-type: none">A esta Asociación SI/NON se lle concederon outras axudas ou subvencións coa mesma finalidade. <table border="1"><tr><td colspan="2">- Relación de axudas solicitadas:</td></tr><tr><td>Organismos públicos e entidades privadas _____</td><td>Importe _____</td></tr><tr><td colspan="2">- Relación de axudas concedidas:</td></tr><tr><td>Organismos públicos e entidades privadas _____</td><td>Importe _____</td></tr></table>Esta Asociación non está incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para percibir axudas ou subvencións públicas e coñezo e acepto as bases da convocatoria.Esta Asociación está ó corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ten débedas de ningún tipo co Concello de Covelo.			- Relación de axudas solicitadas:		Organismos públicos e entidades privadas _____	Importe _____	- Relación de axudas concedidas:		Organismos públicos e entidades privadas _____	Importe _____
- Relación de axudas solicitadas:										
Organismos públicos e entidades privadas _____	Importe _____									
- Relación de axudas concedidas:										
Organismos públicos e entidades privadas _____	Importe _____									

En Covelo a ____ de _____ de 20 ____

(Sinatura)

A falsificación, ocultación ou inexactitude dos datos declarados poderá dar lugar, no seu caso, ás correspondentes sancións administrativas ou de calquera indole que procedan.

Covelo, na data que figura na marxe.

O ALCALDE

Asdo. Juan Pablo Castillo Amigo

Código seguro de verificación: 5QUU77DX1E010IK9

